

ASUNTO: SOLICITUDE A PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA DE INCLUSIÓN DOS VETERINARIOS NA SEGUNDA FASE DE VACINACIÓN

Luis Núñez Desiré con DNI 35295117 F, con domicilio a efectos de notificacións en C/ Echegaray nº 10 36001 Pontevedra , en calidade de Presidente do Consello Galego de Colexios Veterinarios (CIF V 27263185) polo presente escrito formula a petición de inclusión dos titulados en veterinaria na segunda fase de vacinación prevista na segunda quincena do mes de febreiro de 2021 en base aos seguintes argumentos:

1. O Consello Galego agrupa un total de 3.000 veterinarios colexiados que prestan os seus servizos como persoal dependente da administración, veterinarios en exercicio libre que asumen tarefas de controis administrativos, veterinarios en exercicio libre de animais de produción, veterinarios que traballan na industria alimentaria, etc.
2. Os veterinarios teñen a condición de sanitarios recoñecidos na Lei 44/2003 de Ordenación das Profesións Sanitarias segundo se establece no Artigo 2.2.a (profesións sanitarias de nivel licenciado), na Lei 8/2008 de saúde e Galicia que no seu artigo 33 lle recoñece a condición de autoridade sanitaria e na Lei 33/2011 xeral de saúde pública.
3. Os servizos veterinarios dende o primeiro momento trala publicación do Real Decreto 463/2020, polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID, ben de forma directa ao ser considerado unha actividade esencial (Artigo 10) ou de forma indirecta por ser os responsables do control das distintas etapas da cadea

alimentaria (Artigos 13-15-16), estiveron en todo momento desenrolando as tarefas propias da súa competencia profesional.

4. Dentro do grupo de veterinarios que traballan para a administración. Pódese estimar en torno a un total de 660 veterinarios colexiados coa seguinte distribución:

a) Consellería de Sanidade. 290 veterinarios dos cales 105 son inspectores en matadoiros, 9 inspectores de lonxa, 140 inspectores comarcais de saúde pública, 36 veterinarios entre Asesores, Directores Técnicos e Xefes de zona.

Dentro das súas tarefas está o Control sanitario dos alimentos, as tomas de mostras, control de industrias exportadoras, abrochos alimentarios, etc.

Temos coñecemento que en próximas datas vaise a desenrolar por parte da Consellería de Sanidade unha campaña de reforzo para a mellora do cumprimento das medidas sanitaria para facer fronte a crise sanitaria ocasionada pola COVID , na cal participaran de forma activa os veterinarios comarcais de Saúde Pública

b) Consellería de Medio Rural. Na actualidade pódese estimar un total 330 veterinarios entre funcionarios e contratados laborais que desenrolan tarefas de control de movemento pecuario, identificación animal, control de enfermidades obrigatorias, medicamentos, pensos de alimentación animal, toma de mostras etc.. das mais de 90.000 explotacións rexistradas en Galicia (40.000 de bovino, 30.000 de porcino, 20.000 de ovino 1.000 avícolas industriais e 500 de outras especies de produción).

c) Outras Consellerías. Neste grupo se incluírían os veterinarios das consellerías de Mar e Medio Ambiente con preto de 40 licenciados que realizan as súas tarefas de vixilancia e control propias das competencias de ditas consellerías.

5. Veterinarios habilitados pola Administración para tarefas administrativas.

a) 120 Veterinarios vinculados coa empresa TRAGSATEC , cos seus equipos de campo que entre outras tarefas executan as Campañas de Saneamento Gandeiro, centros de recuperación de centros de fauna silvestre, xestionan centros de recollida de animais abandonados autorizados.

b) 400 Veterinarios habilitados pola Consellería de Medio Rural través de SIREGAL para a identificación e rexistro dos animais da especie equina (Regulamento (CE) 504/200B, Real Decreto 676/2016 e o Decreto 268/2008) e a emisión de tarxetas de movemento equino (Real Decreto 577/2014).

c) 750 veterinarios autorizados pola Consellería de Medio Ambiente segundo a Lei 4/2017 e identifican anualmente mais de 50.000 mascotas a través do REGIAC (Rexistro Galego para a identificación de animais de compañía)

d) Veterinarios habilitados para emitir documentos de traslado de explotacións industriais de porcino e avícolas.

6. 330 establecementos veterinarios (138 Coruña, 112 Pontevedra, 43 Ourense e 37 Lugo) que son establecementos que deben ser incluídos no Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios (REPS), adscrito á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, conforme o Real Decreto 640/2014, polo que se regula o mencionado rexistro.

Nestes establecementos a través dos 800 veterinarios deste sector, co tratamento de mascotas faise unha prevención e loita contra as zoonoses, identificación e avaliación dos riscos microbiolóxicos para a saúde humana, rexistro de enfermidades de declaración obrigatoria etc...

7. Veterinarios que se dedican os animais de produción, en cooperativas gandeiras, ADSG, fábricas de penso, control leiteiro, establecementos xenéticos etc...

8. Veterinarios de Industrias alimentarias como directores de calidade, supervisores de produción, asesores etc...

9. Outros.

O noso colectivo ademais do seu carácter sanitario, polas características do seu traballo, con competencias de control e inspección de servizos esenciais, teñen contacto directo con gran cantidade de persoas (responsables de establecementos inspeccionados, propietarios mascotas, gandeiros) o que lles fai ser un grupo moi exposto o COVID polo que entendemos debe ser incluído dentro do grupo considerado pola Xunta de Galicia como *“profesionais sanitarios dos servizos que no están na primeira liña”* que ten previsto empezar a ser vacunado entre o 10 e 12 de febreiro de 2021, segundo comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia do día 14 de xaneiro de 2021 .

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/54629/galicia-disena-logistica-para-vacunar-contra-covid-19-resto-del-personal-sanitario>

Por último indicarlle que dende o Consello Galego de Colexios Veterinarios, a través dos rexistros dos veterinarios dos 4 colexios galegos, temos a posibilidade de contactar de xeito inmediato e individualizado con todos os colexiados aos efectos de establecer o protocolo e orde de vacinación que se pretenda seguir dende a Xunta de Galicia co noso colectivo (localización xeográfica, rango de idade, tipo de actividade etc..)

Esperando ver atendida a nosa petición, que consideramos lexítima, reciba un cordial saúdo.